



Concello de Cangas

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/56	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	18 de decembro de 2017
Duración	Desde as 19:02 ata as 19:45 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	NON
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	NON
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 11 de decembro de 2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 11 de decembro de 2017.

Expediente 7626/2017. Solicitud de renovación de sinal de pasaxe permanente

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de C. F. D., na que demanda a renovación de sinal de pasaxe permanente por deterioro que ten instalada no lugar de Camiño do Outeiro, nº 2-Erbello-Aldán, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 744. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

Expediente 5038/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5.038/17- Outorgar a J. B. M. e N. M. G., con enderezo en rúa Torrecedeira, nº 4-2ºM-Vigo, licenza de obras para construción de unha vivenda unifamiliar de 146,75 m2., de soto, outros tantos de planta baixa e 57,00 m2., de porche, no lugar de Ferruxiña-Erbello-Aldán, de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto A. G. L., de data xuño de 2017, e condicións impostas pola Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria de data 10 de maio de 2017. A licenza autorízase condicionada a que antes do comenzo das obras presente o proxecto de execución visado, oficios de dirección e cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cento setenta e un mil seiscientos oitenta euros con oitenta e un céntimos (171.680,81 €).

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal de 149,47 m²., formalizada en escritura pública de data 2 de xuño de 2016 e o aval depositado en Tesourería para responder polas obras de urbanización por importe de mil seiscientos oitenta euros (1.680,00 €), materializado no expediente de obras nº 1903/2017.

Expediente 6218/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6218/2017.- Outorgar a E. G. C. e J. A. G. O., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Paz, nº 1-3°C-Allariz-Ourense, licenza de obra para remodelación de vivenda existente sita na Avda. Montero Ríos, nº 19-3°Cangas, de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto D. G. C., de data xullo de 2017, condicionada a que deberá presentar proxecto de execución visado polo colexio oficial correspondente e cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI farase un seguimento desta polos técnicos da oficina municipal. O presuposto de execución material ascende a corenta e seis mil douscentos euros (46.200,00 €).

Expediente 4445/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 4445/2017.- Outorgar a J. R. A. T., con enderezo a efectos de notificacións en praza da Constitución, nº 3-1°-Vigo, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para a construción de unha vivenda unifamiliar de 69,40 m²., de semisoto e 98,62 m²., de planta baixa, no lugar de Donón-O Hío, de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto A. P. F. A licenza outorgarase condicionada a que antes do inicio das obras presenten proxecto de execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos e os oficios cos nomeamentos do director de obras, de execución destas, do coordinador de seguridade e saúde e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material ascende a oitenta e cinco mil quince euros (85.015,00 €).

Acéptase a cesión para a ampliación de vieiro municipal efectuada en escritura pública perante a notaria A. T. C. P., en data 13.10.2017, número do seu protocolo 861, por unha superficie de 32,35 m²., e a fianza depositada no Banco Santander o 24.11.2017, por importe de oito mil setenta e sete euros con oitenta e catro céntimos (8.077,84 €), para respostar das obras de urbanización.

Expediente 6774/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6.774/17.- Outorgar licenza de obras a G. T. A., con enderezo en Travesía de Vigo, nº 208-Vigo, sito no lugar de Camiño de Rabáns, nº 52-Vilanova-O Hío, para a



Concello de Cangas

construción de garaxe, bodega e trasteiro nunha superficie de 97,65 m²., de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico J. P. Y. O presuposto de execución material ascende a vinte e catro mil sete euros con sesenta e tres céntimos (24.007,63 €).

Acéptase a cesión de 19,35 m²., para ampliación do vieiro municipal formalizada en acta de comparecencia de data 22 de novembro de 2017, e fianza depositada en Abanca por importe de trescentos euros (300,00 €), para responder polas obras de urbanización.

Formalizárase perante Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza.

Expediente 6313/2017. Licenza de parcelación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6313/2017.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove J. A. S. L., con domicilio a efectos de notificacións en rúa Camilo José Cela, nº 2-6ºA-Vigo, consistente en parcelar un predio inicial de 1550 m²., sito na paraxe “O Torreiro”, no lugar de Vilanova, s/n, da Parroquia do Hío-Cangas, e que se corresponde coa parcela 22 do polígono 6 do catastro de rústica, en dúas parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto J. R. L. de xullo de 2017.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Autorizar a parcelación solicitada por J. A. S. L. para o predio sito na paraxe “O Torreiro”, no lugar de Vilanova, s/n-parroquia do Hío, Cangas, segundo o proxecto elaborado polo arquitecto J. R. L. de data xullo de 2017, da cal resultan as seguintes parcelas netas; parcela 1 de 726,85 m²., a parcela 2 de 759,75 m²., na que existe un galpón e unha edificación adxectiva á parcela de cesión de 54,50 m²., provinte da parcela 1 e parcela de cesión de 17,45 m²., procedente da parcela 2.

SEGUNDO.- Consta no expediente pro forma do documento público no que se reflicte a división de terreos.

TERCEIRO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará a obriga da cesión libre de cargas dos terreos sitios fóra aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello no prazo de un mes desde a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 71,95 m². De non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efecto.

Expediente 5349/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:

Concello de Cangas



Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5.349/17.- Expediente de obras nº 17.303.- LICENZA Nº 17.214.-

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a M. H. R. e A. P. N., con enderezo en rúa Pereiriña, nº 22-O Espírito Santo-Coiro, para vivenda unifamiliar construída no referido lugar ao abeiro da licenza municipal Nº 17.214, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 11 de decembro de 2017 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 11 de decembro de 2017.

Expediente 1763/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1.763/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. G. A., para a reposición da legalidade e substitución parcial da cuberta da edificación sita no lugar da Serra de Nacente, nº 29-Darbo, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico A. M. A. R., de data 22 de marzo de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a mil trescentos noventa e cinco euros con setenta e nove céntimos (1.395,79 €).

Expediente 6970/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6970/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. C. B., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Boubeta, nº 3-Coiro-Cangas, para reparación de cerramento existente en parcela sita en rúa Boubeta, nº 3-Coiro, de conformidade coa documentación que consta no expediente e a incorporada en data 20.11.2017. O presuposto de execución das obras ascende a catrocentos euros (400,00 €).

Expediente 7575/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7.575/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por R. C. V., para a restauración de fachadas na vivenda e edificación adxectiva para lavadoiro/tendal, sitas no lugar da 1ª Travesía da Avda. de Lugo, nº 14-Coiro, de conformidade co proxecto técnico elaborado pola arquitecta M. T. F. I., de data decembro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a vinte e un mil cento vinte euros (21.120,00 €).

Expediente 7582/2017. Comunicación previa en materia urbanística



Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE N° 7582/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por DISTRIBUCIONES FROIZ, SA, con enderezo a efectos de notificacións en lugar Lourido, n° 15-Poio-Pontevedra, para acondicionamento de local para almacén sito na rúa Alexandre Cribeiro, n° 7-Baixo-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto M. A. A. de data 05.06.2014. O presuposto de execución das obras ascende a vinte e cinco mil novecentos trinta e cinco euros con cincuenta céntimos (25.935,50 €).</p>	

Expediente 7104/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE N° 7104/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por R. P. C., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Alexandre Cribeiro, n° 2-2ºD-Cangas, para realizar un cerramento de parcela sita no lugar de Santa Marta-Darbo de conformidade coa documentación incorporada ao expediente e autorización de Deputación de data 11.02.2016. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil trescentos catorce euros con catro céntimos (3.314,04 €).</p>	

Expediente 6328/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE N° 6328/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por LABOCOTEX CB, con enderezo a efectos de notificacións en rúa San José, n° 50-baixo-Cangas, para cambio de titularidade de tenda de roupa no local sito en rúa San José, n° 50 , que ata agora rexentaba "Naturglu SL", segundo o informe favorable da arquitecta municipal de data 13 de decembro de 2017.</p>	

Expediente 6414/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE N° 6414/2017.- Proponse o arquivo do expediente de comunicación previa tramitado a instancia de L. S. R., con enderezo en Barrio Vincios Figuro, n° 4-Gondomar, para café-bar na Avda. de Galicia, n° 5-baixo-Cangas, a pedimento da interesada segundo o escrito de data 4 de decembro de 2017.</p>	

Expediente 7559/2017 A) Dación de conta de sentenza xudicial. B) Aprobación de

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



pagamento de taxas xudiciais

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA XUDICIAL Nº 699/2016

A Xunta de Goberno Local queda informada dos seguintes datos:

"ASUNTO: expediente remitido á Xunta de Goberno Local polo servizo de Urbanismo a Secretaría.

1.- SENTENZA Nº 699/2016.- RECURSO DE APELACIÓN Nº 4256-2016.- PO 117/2013 DITADA POLO T.S.X. DE GALICIA CON/AD SEC. 2.

- A persoa recorrente: CONCELLO DE CANGAS.

- Contido: desestímase o recurso de apelación interposto polo Concello de Cangas, contra a Sentenza nº 50/2016, de 10 de marzo de 2016, do Xulgado do Contencioso Administrativo, nº 3 de Pontevedra, ditada en autos de PO nº 117/2013.

- Imponse as custas do recurso de apelación a quen o interpuxo, dentro do límite de mil euros (1.000,00 €) con relación ós honorarios do letrado da parte contraria.

- Sentenza firme".

B) PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PAGAMENTO DE TAXAS XUDICIAIS

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO DE CUSTAS DERIVADAS DA PEZA DE TAXACIÓN DE CUSTAS Nº 4256/2016 0001/RECURSO DE APELACION Nº 4256/2016 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (SECCIÓN SEGUNDA) DERIVADO DA EXECUCIÓN DEFINITIVA Nº 49/2017 DO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 117/2013 TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DE J. M. I.

Vista a Dilixencia de ordenación de data 29.11.2017 emitida polo Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 3 de Pontevedra no Procedemento de Execución Definitiva nº 49/2017 do procedemento ordinario nº 117/2013 instruído a instancia de J. M. I.

Visto que o Decreto dictado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sección 2ª) de data 17 de abril de 2017, no que se aproba a taxación de custas por importe de mil trescentos corenta e un euros con cincuenta e sete céntimos (1.341,57 €) e trescentos cincuenta euros (350,00 €) por intereses, gastos e custas, a cuxo pagamento resultou condenado este Concello.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:



ACORDO

Primeiro.- Recoñecer a obriga por mil seiscientos noventa e un euros con cincuenta e sete céntimos (1.691,57 €), en concepto de custas procesais con base no disposto no Decreto de data 17.04.2017 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sección 2ª) recaído na Peza de Taxación de Custas nº 4256/2016 0001 e Dilixencia de Ordenación do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no Procedemento ordinario nº 117/2013, instruído a instancia de J. M. I.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Urbanismo, Intervención e Tesourería".

Expediente 7569/2017. Dación de conta de Sentenza xudicial nº PO 424/2014

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada dos seguintes datos:

1.- PO 424/2014.- SENTENZA 234/2017 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3

- A persoa recorrente: N. C. F.

- Contido: a sentenza desestima o recurso contencioso administrativo seguido perante este xulgado no PO nº 424/2014 a instancia de N. C. F. contra a resolución de data 26.02.2014 da Alcaldía do Concello de Cangas desestimatoria da solicitude, formulada por ela por escrito con entrada no rexistro xeral de dito ente local de data 04.04.2012, sobre declaración de situación legal de fóra de ordenación da vivenda e trasteiro situados en Camiño de Liméns, nº 83-O Hío; e contra o informe desfavorable á declaración solicitada emitido pola Comisión Superior de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia. Condena en custas a cargo da parte actora en contía que non excederá do límite máximo de oitocentos euros (800,00 €) no relativo a gastos de defensa e representación.

- Cabe interpoñer recurso de apelación.

Expediente 7641/2017. Prestación do servizo de axuda a domicilio

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude do Servizo de Axuda a Domicilio e documentación presentada pola persoa solicitante (proposta de atención individual para o Servizo de Axuda no Fogar, e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios da xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a A. P. A., o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de



Concello de Cangas

dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo do servizo total: douscentos corenta e dous euros con vinte céntimos (242,20 €).

Achega económica da persoa usuaria: corenta e tres euros con sesenta céntimos (43,60 €/mes) (dous euros con dezaioito céntimos (2,18 €/hora)) .

Número de horas: 20 horas.

Data de efectos de alta no SAF: 21 de decembro de 2017.

Expediente 7642/2017. Prestación do servizo de axuda a domicilio

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude do Servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios da xefatura de servizo do Centro Municipal Social, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* **CONCEDERLLE** a B. D. C.con expediente nº 36008/02/002841 o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de Libre concorrencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo do servizo total: douscentos cincuenta e seis euros (256,00 €) (doce euros con oitenta céntimos (12,80 €/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: 10% - vinte e cinco euros con sesenta céntimos (25,60 €/mes) (un euro con vinte e oito céntimos 1,28€/hora)).

Número de horas: 20 horas.

Data de comezo do SAF: a partir do 2 de xaneiro de 2018.

Expediente 2257/2017. C-17/08. Proposta de adxudicación posto nº 6 da Praza de Abastos Municipal

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

"Proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local

Concello de Cangas



Expediente nº: C-17/08__2257/2017

Concesión demanial para uso privativo do posto de peixaría nº 6 do Mercado de Abastos

Asunto: *aceptación renuncia e adxudicación do posto número 6*

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 30.10.2017, no que se propoñía a adxudicación dos postos de peixaría nºs 6, 17, 24, 33, 3 e 44, aos licitadores que ofertaran o maior prezo por cada un deles.

Visto o día 13.11.2017 M. S. N. recolleu, en nome e representación de J. P. B. S., o requirimento para que este presentara a documentación necesaria para a adxudicación do posto número 6, e que transcorridos os 15 días hábiles concedidos non presentou ningún tipo de documentación nin constituíu garantía.

Visto o disposto na cláusula 9 do PCAP que rexe este procedemento de contratación, segundo a cal: “a Xunta de Goberno Local requirirá ao licitador que presentase a oferta económica máis alta para que no prazo de 15 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que tivese recibido o requirimento, constituía garantía polo importe equivalente ao 3% do valor do dominio público ocupado. De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta”.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- *Ter por desistido a J. P. B. S. da oferta presentada polo posto número 6 de peixaría entendendo que retirou a súa oferta.*

Segundo.- *Requirir a J. P. G., como licitador que presentou a seguinte mellor oferta polo posto de peixaría nº 6, para que no prazo de 15 días hábiles presente a seguinte documentación:*

- Ø Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.*
- Ø Xustificante de ter pagado os gastos do anuncio de licitación por importe de once euros con once céntimos (11,11 €) (dita cantidade poderá facela efectiva na conta bancaria nº ES85 2080 5022 1531 1000 8929).*
- Ø Xustificante de ter constituída garantía definitiva por importe de douscentos catorce euros con quince céntimos (214,15 €) (correspondente ao 3% do valor do dominio público ocupado) por calquera dos medios a que se refire o artigo 96 do TRLCSP: en efectivo, valores de débeda pública, mediante aval ou mediante contrato de seguro de caución. Unha vez constituída a garantía, deberá depositala na Tesourería municipal e entregar no rexistro xeral do Concello o xustificante do depósito desta xunto co resto dos documentos citados anteriormente.*

Terceiro.- *Notificar o presente acordo a J. P. B. S. e a J. P. G., con indicación dos recursos procedentes.*

Cuarto.- *Dar traslado deste acordo ao departamento municipal de Apoio Xurídico”.*



Expediente 6276/2017 - Proposta de adxudicación definitiva do contrato de "Servizo de elaboración da RPT e do Plan de ordenación de RR.HH. do Concello"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta da Alcaldía de data 14.12.2017:

"Expediente núm.: C-17/25__6276/2017

Contrato: "Servizo de elaboración da relación de postos de traballo (RPT) e do Plan de ordenación de recursos humanos do Concello de Cangas"

Procedemento: Negociado sen publicidade

Asunto: Proposta de adxudicación definitiva

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato administrativo do 'Servizo de elaboración da relación de postos de traballo (RPT) e do Plan de ordenación de recursos humanos do Concello de Cangas'.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'GALIVALIA CONSULSTGO SL', por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa.

Visto que esta empresa chegou en tempo e forma (entrada nº 14.495 do día 13.12.2017) a documentación requirida relativa á escritura de constitución da empresa e certificado de inscrición no Rexistro Mercantil, certificacións de alta no IAE, xustificación de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, acreditación de que cumpre coa solvencia técnica e profesional esixidas para a adxudicación do presente contrato e que así mesmo constituíu garantía definitiva por importe de mil oitenta e nove euros con sesenta e sete céntimos (1.089,67 €), mediante transferencia bancaria.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'GALIVALIA CONSULSTGO SL', o contrato administrativo de 'Servizo de elaboración da relación de postos de traballo (RPT) e do Plan de ordenación de recursos humanos do Concello de Cangas', por importe de vinte e seis mil trescentos setenta euros (26.370,00 €) (21% de IVE incluído).

Segundo.- O prazo máximo de execución da contrato é de 12 meses, con efectos desde o día seguinte á sinatura do documento formalizador deste.

Terceiro.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 920/22799 do vixente orzamento municipal.

Cuarto.- Notificar a 'GALIVALIA CONSULSTGO SL', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.



Concello de Cangas

Quinto.- Publicar a formalización do contrato no perfil do contratante e comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCS.

Sexto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico".

Aprobación de convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e a produtora "Vía Láctea filmes SL", para a realización de longametraxe

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o seguinte convenio de colaboración para a realización dunha longametraxe cinematográfica no Concello de Cangas:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E A PRODUTORA VÍA LÁCTEA FILMES S.L., PARA A REALIZACIÓN DA LONGAMETRAXE CINEMATOGRAFICA, CON TÍTULO PROVISIONAL OU DEFINITIVO, 'MARÍA SOLIÑA'

Cangas, a 21 de decembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Xosé Manuel Pazos Varela, alcalde de Cangas, con DNI 76328194A, que comparece en nome e representación do Concello de Cangas do Morrazo, con CIF ... e domicilio na Avda. de Castelao, nº 2-36940-Cangas (Pontevedra).

Doutra parte, J. I. V. D., en representación da produtora VÍA LÁCTEA FILMES S.L., enderezo na Avda. Hispanidade, nº 72-6ªA-36203-Vigo (Pontevedra).

Os comparecentes recoñécense mutuamente capacidade plena para o presente outorgamento na condición na que, respectivamente, interveñen e en consecuencia

EXPOÑEN

A produtora 'Vía Láctea Filmes SL', recoñecida polo seu compromiso coa lingua e cultura galegas e o éxito de crítica e público das súas últimas longametraxes (A Esmorga, 2014; Sicixia, 2016, etc.) dirixidas por Ignacio Vilar (Premio da Cultura Galega 2015), está a traballar no desenvolvemento da súa próxima longametraxe cinematográfica con título provisional ou definitivo 'MARÍA SOLIÑA'.

O citado proxecto está estreitamente vencellado a Cangas. Tanto na rodaxe coma durante a estrea, promoción e internacionalización do proxecto, a ría de Vigo en xeral e Cangas en particular, terán un papel fundamental en todas as súas vertentes, a paisaxística e documental, a gastronómica e histórica, atopando así neste proxecto unha magnífica plataforma para a súa promoción integral dentro e fóra das nosas fronteiras e para poñer en valor diferentes aspectos da contorna, tales coma a lingua, o territorio, a cultura, as lendas, as tradicións, etc.

Coa sinatura deste convenio, o Concello de Cangas pon de manifesto o seu apoio ao

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



desenvolvemento e realización do filme, con título provisional ou definitivo, 'MARÍA SOLIÑA', polo grande interese cultural e o impacto promocional que ofrece o filme ao Concello de Cangas. Tamén confirma a súa aposta pola consolidación do sector cinematográfico como un dos principais instrumentos de dinamización da vida cultural e económica dun país, ao poñer en valor o noso patrimonio e contribuír á creación de numerosos postos de traballo.

Por todo o anterior, o Concello de Cangas desexa colaborar coa produtora 'Vía Láctea Filmes' neste proxecto e ambas partes asinan o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- *Con data 18 de decembro de 2017, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas acordou outorgar á empresa 'Vía Láctea Filmes SL', un importe de vinte mil euros (20.000,00 €), para contribuír á realización da longametraxe con título provisional ou definitivo 'MARÍA SOLIÑA'.*

Segunda.- *O Concello de Cangas comprométese a reservar nos seus orzamentos de 2018 a cantidade de vinte mil euros (20.000,00 €), coa finalidade de colaborar economicamente nos gastos de guión, soldos do equipo técnico, aloxamento e dietas, localizacións, preproducción, casting e ensaios.*

Terceira.- *'Vía Láctea Filmes SL', comprométese a xustificar os gastos desta colaboración cunha memoria documentada, unha vez concluídas a fase de preproducción (2018) e con copias de facturas polos conceptos enunciados por uns gastos mínimos equivalentes á contía concedida polo Concello. O Concello comprométese a realizar a achega económica acordada mediante transferencia bancaria á conta sinalada por 'Vía Láctea Filmes SL', dentro dos prazos establecidos pola Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

Cuarta.- *Unha parte importante da rodaxe desenvolverase no Concello de Cangas. A actriz protagonista é natural de Cangas. A produtora realizará a selección doutros actores e actrices, así como da figuración do filme, en cástings e probas realizadas en Cangas, partindo da ampla e rica tradición da vila nos eidos interpretativo, teatral e artístico en xeral.*

Quinta.- *Celebrarase en Cangas unha preestrea oficial do filme, coa participación do equipo artístico e técnico, así coma outras accións de promoción.*

Sexta.- *A produtora 'Vía Láctea Filmes SL', comprométese a incluír o Concello de Cangas como colaborador da longametraxe nos créditos do filme e en todo o material promocional empregado durante a campaña de comunicación e estrea do filme.*

Sétima.- *O Concello de Cangas comprométese a autorizar e facilitar a rodaxe do filme, con título provisional ou definitivo 'MARÍA SOLIÑA', nas vías e espazos públicos, colaborando coas necesidades loxísticas desta, así como a garantir a colaboración dos servizos municipais cando sexa preciso (permisos de rodaxe, axuda da policía local, protección civil, bombeiros, etc.).*

Oitava.- *A colaboración do Concello de Cangas é compatible con outras colaboracións ou axudas que obteña a produtora 'Vía Láctea Filmes SL', para este proxecto cinematográfico.*

En proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano



Concello de Cangas

e rubricano por triplicado, para un só efecto no lugar e data expresados.

CONCELLO DE CANGAS

VÍA LÁCTEA FILMES."

Expediente 6695/2017. Dación de conta da axuda concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra para o investimento denominado "Cinco minis puntos limpos nas parroquias de Cangas" (POS 2017) (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentim
ento

A Xunta de Goberno Municipal acorda aprobar a seguinte proposta da Alcaldía:

"DAR CONTA DA AXUDA CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O INVESTIMENTO DENOMINADO 'CINCO MINI PUNTOS LIMPOS NAS PARROQUIAS DE CANGAS'

Primeiro.- Dar conta á Xunta de Goberno Local da Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra de data do 11.12.2017, para a concesión de axuda polo importe de vinte mil euros (20.000,00 €), para o financiamento do investimento de 'CINCO MINIS PUNTOS LIMPOS NAS PARROQUIAS DE CANGAS', incluído na Liña 1-Plan Concellos 2017.

Segundo.- Dar traslado do acordo á Intervención Municipal e Medio Ambiente".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850